

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2011.

En Bergondo, a 10 de outubro de 2011, en Miño, na Sala de reunións da Granxa O Cancelo, sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Val de Aranga).
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- Dña. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación.
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dña. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. Uxio Leira Nogales en representación da *Mesa do sector institucional* (Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia)
- Dña. Carmen Borobio Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de Turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dña. Florinda Duarte Gerpe, Concelleira de Educación, emprego e comercio do Concello de Carral, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

 A SESIÓN TENSE DESENVOLTO, CO SEGUINTE RESULTADO:

Por invitación do representante da Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, D. José Calo Faraldo, os membros da Xunta Directiva trasládanse ás instalacións de Granxa O Canelo, na parroquia de Bemantes en Miño, co obxecto de coñecer de primeira man o proxectos subvencionado ao abeiro do Programa LEADER á Cooperativa Agraria de recuperación dunha granxa do sector lácteo. Se aproveitan ditas instalacións para celebrar a Xunta Directiva mensual de Mariñas – Betanzos.

O Xerente do Programa LEADER informa aos asistentes que en ausencia do Presidente e do Vicepresidente, actuará como Presidente e Secretaria da Asociación, Dona Concepción Lema Torre.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior.

2.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER

2.1. INFORME DE PROXECTOS PRESENTADOS AO PROGRAMA LEADER

2.1.1. Explotación de horta en Figueroa (Abegondo) (L11-41100-29-0136)

Ten entrado na Asociación Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “L11-41100-29-0136 Explotación de horta en Figueroa (Abegondo)”.

O proxecto consiste na posta en marcha dunha explotación de horta baixo plástico e aire libre na parroquia de Figueroa (Concello de Abegondo). Os investimentos consisten no acondicionamento da parcela, adquisición e instalación de tres invernadoiros e da maquinaria necesaria para a produción.

Esta iniciativa crearía o propio emprego do promotor, e tería cabida na medida 411 do Réxime de Axudas, no apartado 1º “Investimentos no sector agrario relacionadas co apoio a novas producións”.

Os investimentos desta iniciativa ascenden aproximadamente a 20.000 € (16.949,15.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 84,83 puntos o daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 44,92 % (7.613,56.-€) sobre un orzamento elixible de 16.949,15€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.2. Implantación empresa de fabricación de pezas de madeira (Aranga) (I11-41300-29-0122)

Con data 28 de setembro de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “L11-41300-29-0122 Implantación dunha empresa para a fabricación de pezas e elementos de madeira para o sector de carpintería e afíns”.

O proxecto consiste na creación dunha empresa para a fabricación de pezas e elementos de madeira principalmente para o sector da carpintería. A promotora desta iniciativa é unha muller (Pilar Prado Seoane) que quere adicarse a esta actividade, xunto co seu marido.

O marido da promotora conta na actualidade cunha carpintería no Concello de Oza dos Ríos e considera que a nova empresa pode contribuír a diversificar a incrementar a produción. A nova empresa adicarase á fabricación de marcos, vigas, escaleiras, pasamáns. Os investimentos consisten na construción da nave e na adquisición da maquinaria necesaria para o desenvolvemento da actividade.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida” do Réxime de Axudas, no apartado 2º “Creación de PEMES”.

Os investimentos desta iniciativa ascenden aproximadamente a 465.662,15 € (394.628,94.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 81 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 43 % (axuda máxima: 120.000.-€) sobre un orzamento elixible de 394.628,94.-€

O xerente do Programa informa ós asistentes que estase estudando a viabilidade económica e financeira deste proxecto, e procederá a enviarse caso de ser o ICE favorable para a súa verificación a AGADER. Por parte da Xunta directiva se solicita que antes de enviar o expediente se comprobe si ese tipo de actividades sería admisible segundo o planeamento actual en Aranga, pois quedaría fóra da zona do polígono.

3.- CONCLUSIÓNS VISITA Á RESERVA DA BIOSFERA DE “LA PALMA” E PROPOSTA DE FOLLA DE RUTA PARA A ELABORACIÓN DE CANDIDATURA.

Dende o día 14 ata o 17 de setembro os membros da Xunta Directiva e o Equipo Técnico do GDR Mariñas – Betanzos realizaron esta visita de intercambio de experiencias que ten servido para fortalecer o proceso de configuración da Candidatura a Reserva da Biosfera de “Mariñas – Betanzos”.

As Reservas da Biosfera son territorios preocupados por innovar e amosar que é posible compaxinar conservación ambiental e desenvolvemento sostible, que teñen un forte compromiso por mellorar as relacións entre o home e o seu medio.

Esta visita ten servido para:

- Coñecer as dinámicas de xestión levadas a cabo no seo da Reserva da Biosfera de La Palma.
- Aprender da experiencia na formulación de estratexias nun territorio cunha destacada traxectoria no seo do Programa MaB da UNESCO.
- Coñecer as accións postas en marcha dende a Axencia da Reserva da Biosfera de La Palma, encamiñadas a impulsar o desenvolvemento socioeconómico sostible e a conservación medioambiental da Reserva de Biosfera de La Palma.
- Animar o proceso de configuración de candidatura a Reserva de Biosfera, formulado dende o GDR Mariñas – Betanzos.

Os técnicos da Palma, informaron aos asistentes das accións estratéxicas postas en marcha no seu territorio, das que se ten entregado aos asistentes unha memoria.

Tense elaborado tamén una FOLLA DE RUTA para o desenvolvemento do proceso de elaboración de Candidatura a Reserva da Biosfera, que foi entregada tamén aos asistentes á reunión.

A Xunta directiva aproba a Folla de ruta presentada, solicitando poida ser tratado en paralelo ao proceso de formulación a proposta de órgano de xestión, non deixándoo para a última metade do ano, para poder ter tempo para debatila e chegar a consenso.

Por parte do representante de Cultura Aberta de Carral se manifesta que na prensa ten saído a noticia do proceso aberto para elaboración de candidatura a Reserva da Biosfera, e que se fala do papel que pode xogar o concello de A Coruña. Solicita que este posible proceso de participación da cidade, que seña tratado antes na Xunta directiva e avaliado tecnicamente, e que debería servir para reforzar os procesos de sostibilidade, sempre que as relacións entre a cidade e os concellos máis pequenos seña en condicións equitativas. Así mesmo, manifesta a implicación total das organizacións do sector privado no proceso, e que lle gustaría que esta participación se traduza nunha futura representación nos órganos de decisión dunha posible Reserva.

4.- PROXECTOS DE COOPERACIÓN DO MINISTERIO:

4.1.- “RED ASTURGALLEGA DE INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS”.

Proxecto de cooperación coordinado polo Grupo asturiano “Navia-Porcía” (**xúntase como anexo a Guía do proxecto**). Nesta anualidade 2011 está previsto que cada Grupo asociado seleccione entre 10-15 pequenas industrias agroalimentarias, para realizar unha diagnose da situación actual e valore a orientación e necesidades hacia a innovación. Tamén celebrarase o vindeiro 26 de outubro a xornada de lanzamento do proxecto (**xúntase programa**).

4.2.- INICIATIVAS RURAIS DE EMPREGO.

As actividades a realizar están fixadas na reformulación do proxecto e no Manual para a elaboración do Plan Territorial de Emprego. Para ser executadas desde a Asociación Mariñas-Betanzos acórdase contratalas como asistencia técnica, non podendo ser executadas con persoal propio.

4.3.- TERRITORIOS COMPROMETIDOS FRENTE AO CAMBIO CLIMÁTICO.

As actividades recollidas no proxecto a realizar nesta anualidade 2011 serían: 1.- Lanzamento do proxecto e realización de Xornada de sensibilización sobre eficiencia enerxética. 2.- Recollida de información en el VI Congreso Internacional de Bioenergía de Valladolid e distribución entre os concellos e empresas agroalimentarias. 3.-Visitas a empresas do sector agroalimentario para difusión de boas prácticas no sector e coñecer a situación enerxética nestas empresas.

Para o desenvolvemento destas accións adicarásese temporalmente o xerente do Programa LEADER, Jorge Blanco.

5.-ROGOS E PREGUNTAS

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 22.00 horas.

En Miño, a 10 de outubro de 2011

A Secretaria e Presidenta por delegación
Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre